

PASOS PARA ESCRIBIR UNHA ARGUMENTACIÓN.

1.- Explorar a cuestión

O primeiro paso é a indagación; antes de empezar a escribir un texto argumentativo hai que explorar a cuestión, é dicir, o problema ou situación que admite posicións a favor ou en contra dunha tese, e considerar as diversas posicións. Para iso requírese:

A. Explorar os argumentos sobre todos os aspectos da cuestión

A nosa tarefa consiste en dar unha opinión ben informada que poida ser defendida con argumentos sólidos. Informarémonos sobre a cuestión, leremos artigos e falaremos con persoas con diferentes puntos de vista. Así empezaremos tamén a formular argumentos propios.

B. Cuestionar e defender a tese

Teremos que examinar tamén os argumentos a favor e en contra da tese. Hai que convencer o receptor de que os argumentos son certos, e de que a tese deriva coherentemente deles.

C. Revisar e reconsiderar os argumentos

Despois de decidir a conclusión que queremos defender e de explorar os argumentos, temos que pensar na forma máis axeitada de organizalos: é eficaz discriminar os argumentos fortes fronte aos débiles.

2.- Ordenar os puntos principais

Supoñamos que chegamos a unha tese que pensamos que podemos defender axeitadamente. Agora fai falta organizar o texto de maneira que trate todo o necesario; prepararemos o esquema.

- A. Explicar o problema
- B. Formular unha proposta ou tese definitiva
- C. Desenvolver os argumentos dun modo completo
- D. Examinar as obxeccións (contraargumentos) Hai que anticiparse a preguntas escépticas. Deste modo, podemos matizar a tese de partida.

3.- Escribir o texto argumentativo

Para ir familiarizándonos cunha estrutura doada podemos seguir estes tres pasos na nosa redacción:

A) Formular unha introdución breve e enunciar a tese que imos defender. A introdución debe ser breve e precisa; non pode ser unha introdución demasiado xeral.

B) Expoñer os argumentos con claridade.

b.1.- Como regra xeral, *expoñeremos un argumento por parágrafo*. Incluír moitos puntos diversos no mesmo parágrafo só confunde ao lector e fai perder aspectos importantes. Usaremos o argumento principal para formular os parágrafos con claridade. Ademais de desenvolver os nosos propios argumentos dun xeito coidadoso e completo, tamén desenvolveremos en detalle os posibles contraargumentos, se ben dun modo non tan completo como os argumentos a favor da postura defendida.

b.2.- *Non afirmaremos máis do que probamos evitando as falacias.* Unha falacia é un argumentación aparentemente lóxica e verdadeira que logo resulta ser falsa. As falacias

lógicas son utilizadas comunmente para xustificar argumentos ou posturas que non son xustificables utilizando a razón. Adoitan enmascarar enganos, falsidades, ou estafas.

- Unha falacia *ad hominem* consiste en afirmar que un argumento de alguén é erróneo só por algo acerca da persoa, non por problemas no argumento en si.

Exemplo: "Vostede non pode afirmar que a miña acción é inmoral porque estivo no cárcere".

- Argumento *ad ignorantiam*. Esta falacia dáse especialmente cando un afirma que algo é verdade só porque non se probou como falso, ou que algo é falso só porque non se probou como verdadeiro.

Por exemplo: "Existen extraterrestres, ninguén puido demostrar que non sexa así"

- Un argumento *ad baculum* (en latín, significa "argumento que apela ao bastón"), é unha falacia que implica soste a validez dun argumento baseándose na forza ou na ameaza do uso da forza.

Exemplo: "Se cres que non debes pagar impostos entón o teu soldo e propiedades seranche embargados; polo tanto, se non queres verte convertido nun indixente debes crer que pagar os teus impostos é a túa obriga."

b.3.- Usaremos coidadosamente os conectores

A función básica dos textos argumentativos é presentar unha serie de informacións de xeito convincente para guiar o lector cara ás conclusións que nos interesan. É imprescindible por iso relacionar as secuencias textuais entre si.

De acordo coas funcións que realizan os conectores argumentativos, distinguiremos tres grupos distintos:

I. Conectores contraargumentativos

a) Expresións conectivas como aínda que, a pesar de (que), malia (que) e se ben (das que aínda que é o conector prototípico).

b) Conectores como *pero*, non obstante, non obstante, agora ben, con todo, aínda así ou de todos os xeitos (pero é o representante paradigmático deste grupo).

c) Grupo formado por conectores tales como mentres que, en cambio e polo contrario (basicamente modifican no segundo membro algún aspecto do formulado no primeiro)

II. Conectores consecutivos

a) Conectores integrados na oración (que presentan a conxunción que): así que, de modo que, de maneira que, polo que, de aí que, etc.

b) Conectores de tipo parentético: por iso, por ese/ tal/ dito motivo/ razón/ causa, por tanto, en consecuencia, por conseguinte, pois, así pois.

III. Conectores aditivos

a) Conectores que introducen un novo aspecto ou punto de vista do tema que se está a tratar sen valoralo dende o punto de vista argumentativo: así mesmo, igualmente, de igual/ mesmo modo, por outra parte, por outro lado, pola súa banda, á súa vez.

b) Conectores que introducen un novo aspecto informativo do tema, presentándoo como máis forte dende o punto de vista argumentativo que os aspectos anteriores: ademais, enriba, por engadido, por demais, mesmo, inclusive.

4.- Redactar un parágrafo de conclusión.

Nel podemos reafirmar a tese exposta inicialmente rematando o noso texto.

PROPOSTAS PARA ELABORAR TEXTOS ARGUMENTATIVOS:

- Os programas chamados “do corazón” teñen algo positivo?
- A televisión é un medio de comunicación útil e educativo ?
- O fútbol e os equipos de 1ª división . Son máis negocio que deporte?
- É importante o xeito de vestir e o aspecto das persoas?
- Acordo ou desacordo coa seguinte afirmación: os rapaces e rapazas menores de 18 anos non deberían chegar máis tarde das 10.30 ás súas casas.
- A educación sexual dirixida aos adolescentes é imprescindible na súa formación. Acordo ou desacordo.
- A maioría das materias que se estudan na ESO non son útiles para a formación das persoas. Acordo ou desacordo.
- O espectáculo dos touros. A favor ou en contra.
- O botellón. É comprensible e debe permitirse ou pola contra debe prohibirse?
- A clonación humana. Debería estar permitida?
- A eutanasia. Debe legalizarse?
- O aborto nas primeiras semanas de xestación. Debe legalizarse ou non?
- O tabaco nos bares. Debe estar permitido ou non?
- As familias deben supervisar o acceso a internet dos menores de idade. Si ou non?
- Móviles no centro educativo?